


TEMA 2. A POESÍA DE VANGARDA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS



AS VANGARDAS EN EUROPA


- o (1910-1930) movementos de radical renovación estética (artes plásticas e literatura)
 - o rompen coa tradición
 - o crean un novo concepto da arte e novas linguaxes
 - o influencia dos descubrimentos de principios de século (ciencia, filosofía e psicoloxía)
 - cambia a maneira de percibir a realidade
- o **trazos vangardismo literario**
 - o manifestos para pregoar a ruptura radical e a liberdade absoluta da autoría
 - o obra de arte → autónoma; realidade interpretada punto de vista orixinal e irrepetible
 - o deshumanización → actitude antisentimental; percepción intelectual da realidade
 - o linguaxe poética innovadora: imaxes irracionais, ruptura sintáctica, léxico moderno...



Principais movementos de vangarda (ismos) internacionais

- **Futurismo** (Manifesto futurista, 1909, Marinetti)
 - oposición radical á poesía e á moral tradicionais
 - exaltación da mecánica, da técnica, da velocidade...
 - linguaxe → transmite movemento
- **Cubismo** (1907, Picasso, descomposición xeométrica dos obxectos)
 - imaxes visuais
 - disposición tipográfica dos versos
 - distorsións sintácticas
- **Creacionismo** (Vicente Huidobro, variante do cubismo)
 - poema → realidade autónoma, nin explica nin imita a realidade
 - xustaposicións de imaxes baseadas en relacións arbitrarias
 - influiría en Manuel Antonio.

- o **Dadaísmo** (1916, Tristán Tzara, Zúrich)
 - o o máis rupturista e provocador
 - o negar todo o establecido sobre a arte
 - o radical repulsa da civilización burguesa
- o **Surrealismo** (psicoanálise de Freud)
 - o escritura irreflexiva e automática
 - o material poético → manifestacións do inconsciente, os sonhos, os delirios...



AS VANGARDAS NA LIT GALEGA. A XERACIÓN DO 25

- o poetas nados na primeira década do século XX → comezan a escribir na déc dos 20 e 30
- o formados no ambiente das Irmandades
- o discípulos do Grupo Nós
 - o continuísdas do seu afán modernizador e europeizador
- o revistas poéticas vanguardistas: *Alfar*, *Ronsel*, *Resol*, *Papel de Color*, *Yunque* e *Cristal*.
- o responsables **da renovación da poesía galega**
 - o **poesía entre a vangarda e a tradición**
 - o modernizan seguindo novas correntes europeas
 - o certa ruptura coa nosa tradición poética
 - o non adoptan unha actitude claramente vangardista e rupturista
 - apegados ás constantes da literatura galega
 - novas imaxes e a nova linguaxe, para actualizaren tendencias tradicionais

- 0 **compromiso galeguista e social** → impide un enfrontamento radical cos poetas anteriores
 - o literatura galega non consolidada ~ imposible enfrontamento radical cos devanceiros

MOVEMENTOS DAS VANGARDAS GALEGAS

Movimentos especificamente galegos

* Neotrobadorismo

- 0 **recreación** de temas e formas das **cantigas medievais**
 - o impacto pola publicación de cantigas de amor e amigo (José Joaquim Nunes)
- 0 **Fermín Bouza Brey, *Nao senlleira* (1933)**
 - o modelo medieval con bastante fidelidade
 - o de cando en vez imaxes propias das vangardas
- 0 **Álvaro Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama riveira* e *Dona do corpo delgado***
 - o adapta o modelo medieval ao gusto da época
 - o ritmos e imaxes da poesía moderna.

* Imaxinismo (hilozoísmo)

- o **Amado Carballo** principal representante
- o **O galo** (1928) e **Proel** (1927)
 - o personificación da paisaxe
 - o inspirada na poesía popular
 - o tradición: tema (a paisaxe) e tipo de versificación, popular e sinxela
 - o vangarda: **imaxes anovadoras**: poema → sucesión de imaxes plásticas encadeadas.

Movimentos propiamente vangardistas

* Surrealismo: mostras, non movemento pleno

- o **Cunqueiro**: **Poemas do si e do non** (1933)
 - o historia erótica e de amor
 - o verso libre, con ruptura sintáctica e uso de imaxes irracionais.
- o **Luís Pimentel**: **Sombra do aire na herba** (publicado na posguerra, en 1959).
 - o surrealismo sentimental, sen o automatismo do modelo orixinal.

* Creacionismo

- o **Álvaro Cunqueiro**, *Mar ao norte* (1932)
 - breves poemas
 - mar abstracto, puro e luminoso
 - importa máis o xogo verbal ca o contido
- o **Manuel Antonio** (Rianxo, 1900-1930)
 - piloto da mariña mercante
 - principal representante do creacionismo
 - *De catro a catro* (1928): único editado en vida
 - obra cimeira do vangardismo galego
 - escrito a bordo do barco no que navegaba
 - *Con anacos do meu interior*, *Foulas*, *Sempre e mais despois*, e *Viladomar*: póstumos



De catro a catro (1928)

- 0 **19 poemas** → **crónica poética dunha viaxe polo mar** ~ viaxe pola existencia
- 0 tendencia creacionista sen fidelidade absoluta
- 0 **recursos formais** → rupturismo total, máxima da absoluta liberdade creadora do poeta
 - **abandono da métrica tradicional**
 - **tipografía especial** → valor expresivo e visual da páxina
 - **léxico moderno** (termos mecanicistas e tecnolóxicos, estranxeirismos...)
 - +termos mariños e da natureza.
 - **anulación da secuencias narrativa e temporal**: sen progresión argumental
 - **imaxes** → esencia desta poesía
 - imaxes vangardistas e plurisignificativas.
- 0 **contido** → **rexeita** a deshumanización da arte do creacionismo
 - angustiada visión sobre o tempo, a propia existencia e a soidade irremediable
 - aventura interior → viaxe existencial

- símbolos
 - o mar → a vida, un mar aberto ↗ diferentes camiños ao longo da nosa existencia
 - o barco → o poeta; a proa → o futuro; o ronsel → o pasado; o mastro → a fortaleza para continuar a travesía; o vento → o dinamismo; a noite → o descoñecido, o sol → o principio vital; o naufraxio → a derrota e o fracaso persoal do poeta-mariñeiro.
- **temas** → a soidade, o paso do tempo, a viaxe cara a morte, a saudade...
- **poesía existencialista**
 - expresada á maneira creacionista
 - antirromántico e antisentimental
- *Manifesto Máis alá* (1922, con Álvaro Cebreiro)
 - manifesto vangardista por antonomasia
 - expresa a súa vontade de ruptura e renovación
 - nega as normas estéticas establecidas
 - rexeitan a titorización dos vellos consagrados na tradición artística